

## PEZA DO MES

abril

2007



**CAMPAÍÑAS**



Nº Inv.: 569



Nº Inv.: 573

## CAMPAÑAS

OBRADOIRO DE MALINAS  
SÉCULO XVI

Os Países Baixos, sobre todo os do sur, foron durante os séculos XV e XVI uns dos principais centros de produción, comercio e exportación de obras de arte e artesanía de todo o norte de Europa. Forxárase neles, desde finais da Idade Media, unha puxante burguesía e unha poderosa nobreza que tiña fortes lazos de parentesco con nobres de toda Europa, especialmente co reino de Castela co que mantiña desde o enlace de Xoana e Filipe continuos intercambios culturais e comerciais. Cara ás feiras máis importantes do reino de Castela viñan preciosas tallas, ricos tapices, alabastros, encaixes, pero quizais unhas das pezas de elaboración artesanal que acadaron maior difusión foron as campaiñas “de Malinas”, denominadas así por proceder desta cidade da rexión de Brabante, coñecida desde a Idade Media polo seu próspero comercio e por ser sé episcopal. En pleno século XVI, baixo o dominio español, Margarita de Austria, muller de refinado gusto literario e artístico, fixa alí a súa residencia, onde crea en torno a ela un importante foco artístico impulsado polo seu xeneroso mecenado, o que propicia un ambiente de creación e innovación artística e industrial. A este feito vai contribuír a demanda da industria bélica, en primeiro lugar a da artillería, que vai ter moito que ver co despegue da siderurxia e coas industrias metálicas entre as que se atopaban a fabricación de campás e campaiñas.

A tipoloxía destas campaiñas é moi común. A maioría son de bronce e de pequeno tamaño, teñen forma de copa invertida e perfil esquilonado, póñense en vibración golpeando a súa superficie interior cun badallo de ferro, que pende dun anel suxeito ao seu casquete

ou cabeza. Nas de man, o mango forma un todo coa peza e soe estar decorado con pequenas follas de acanto, ter forma de balaústre ou presentar figuras unidas entre si. As que se tanxían mediante unha cadea tiñan un orificio na parte superior para podelas afianzar a un soporte; a moitas delas cambiáronlle o mango e transformáronas en campaiñas de man. Aínda hoxe podemos atopalas en numerosas igrexas e conventos de toda España, xa sexan pezas orixinais flamencas ou copias realizadas en obradoiros hispanos. O éxito acadado por esta tipoloxía é indubidable, proba delo é a gran cantidade de copias que se realizaron a partir de exemplares importados, o que influíu moitas veces na calidade dos seus relevos e na nitidez das lendas.

O Museo conta cunha colección de máis de catorce campaiñas litúrxicas, de distintas épocas e calidades, a maioría delas adquiridas ou doadas polos membros da Comisión de Monumentos, poucos anos despois da creación do Museo. As de maior calidade están realizadas nas décadas centrais do século XVI e responden fielmente á tipoloxía antes descrita.

A primeira das que damos a coñecer, presenta no friso central da faldra un busto de perfil numismático e tres pequenos mascaróns que se intercalan entre as figuras de Santiago a cabalo e o arcanxo San Miguel, expulsando ao demo ao inferno. A parte superior da faldra está recorrida pola inscrición en caracteres góticos: “GOT BOVE[N]...A L, e o pé “GHEGOTEN INT IAER MDLVII (“Fundida no ano 1557”). O mango está decorado con folliñas de acanto e molduras.

A segunda campaiña, sen data, ten representado, entre grinaldas e enredadeiras, o mito clásico de Orfeo tocando unha “lira de braccio”, lira de orixe italiano de cordas frotadas moi utilizada no século XVI. Orfeo, fillo de Apolo, tiña o don de dominar a tódalas criaturas, amansar aos animais e incluso á indómita natureza, que neste caso está representada polas figuras dun coello, dunha aguia e dous monos sentados. Este mito aparece desde os primeiros anos do cristianismo



Nº Inv.: 575



Nº Inv.: 574

como prefiguración pagán de Cristo no seu descenso ao limbo dos xustos e como cativador de todas as criaturas, sendo moi utilizado durante o Renacemento. Neste caso a inscrición na base do corpo di : “ SIT NOMEN DOMINI BENEDITVM” (“Bendito sea nome do Señor”) . O mango non é o orixinal, sen embargo é unha peza curiosa e coidada. A alma é de ferro e ten un baño de prata con decoración de bandas horizontais e vernizada de corla de cinabrio, que lle dá á prata unha cor vermella que se descubriu despois da limpeza realizada recentemente pola restauradora Beatriz Viñas Vázquez.

A terceira ten o mango de forma abalaustrada e un remate perforado, unido ao corpo por medio de molduras escalonadas na ombreira. A parte central da falda presenta unha decoración de medallóns con bustos e floróns de gusto plateresco; este friso está enmarcado por dúas bandas con sendas inscricións, na superior podemos ler: “GOT BOVEN ...A L, e na que recorre o pé: “PETRVS G?[...]NEVS ME FECIT 1565”, que podemos identificar co mestre bronceista Petrus Van den Guein activo en Flandes nesta época, e do que non coñecemos máis datos.

Por último, a cuarta responde a unha tipoloxía diferente. É mais grande, está peor realizada e a súa lenda menos coidada. O mango é trilobulado e calado e a inscrición só recorre parte do borde inferior : “ANIMAS DE PVRGATORIO”. O seu repertorio iconográfico está en relación co tema da lenda. Na parte central aparece a representación das ánimas do purgatorio ao redor da Virxe e na parte contraria un escudo coa exaltación da Eucaristía; intercalado entre ambos temas a figura estilizada de Cristo crucificado entre dúas estrelas, como redentor das almas.

Ademais das pasaxes mitolóxicas, outros temas frecuentes nestas campaiñas, e por eles facilmente recoñecibles, son os evanxélicos como os da Anunciación de María ou os bíblicos, e xunto a estas

iconografías soen aparecer fragmentos de salmos, oracións, selos dos fundidores, ano da súa fundición e o nome do mestre que as elaborou e sempre acompañados dunha decoración de tipo clásico como medallóns, grinaldas e bucranios ou putis.

Ademais do mestre antes citado, cabe destacar entre outros importantes bronceistas ao mestre Jan Van den Eyden (1515-1556), nacido en Malinas e establecido en Amberes desde 1545 onde foi nomeado provedor oficial para todos os obxectos de metal fundido. Fillo dun importante fundidor, Johannes “O Mozo” especializouse na fabricación de campaiñas de estilo renacentista e influencia italiana das que se conservan exemplares por toda Europa, e das que se fixeron numerosas copias.

As campaiñas coñécense e utilízanse desde a máis remota antigüidade en Oriente e Occidente tanto para usos civís como relixiosos. Na liturxia cristiá, aínda que se atoparon algunhas *tintinnabula* nas catacumbas o seu uso non aparece con anterioridade ao século VI. Crese que se comezaron a utilizar nos mosteiros para chamar aos monxes á oración e aos oficios divinos; como consecuencia deste uso xurde o costume de bautizalas e poñerlles nomes. A partir do século XIII comezaron a utilizarse na misa no momento da elevación, antes da comunión cando o celebrante di *Ecce agnus Die*, nos *Domine*, e nos sucesivos *ego non sum dignu* para dar solemnidade á cerimonia, tanto foi así que a locución “de campaiñas” pasou a formar parte na linguaxe coloquial para aludir a unha circunstancia moi relevante ou para designar a una persoa importante.

Sen esquecer que o soar das campaiñas e das campás forma parte dos nosos records. Ata hai ben pouco o tanxer das campás marcaba as horas e o tempo do home desde o nacemento á morte, espantaban o medo e protexían dos tronos. Unhas veces repenicaban a gloria, outras soaban melancólicas a morte... *outras tocan lonxe o tocar do Ave María*.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, se facilita a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O solar foi ocupado dende época romana— da que fican algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engádegas e modificacións ate configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa a carón do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na ubicación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Ana María Veiga Romero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

MUSEO DE OURENSE



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE